



Marzo 2005

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

Galiza

O SLG apoia unha iniciativa lexislativa para salvar os ríos

O SLG, xunto a unha trintena de organizacións, participará nunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) que tentará que se aprobe unha lei que garantir a conservación dos ríos galegos. Trátase dunha tentativa para frear a degradación polos encoros, á invasión das zonas fluviais, ou a sobreexplotación. **Páx. 6**

Aldea Global

Vinte países e rexións da Unión Europea en contra dos OXMs

En Europa uníronse vinte países e rexións, entre os que se atopan Gales, Escocia, Bretaña e Euskadi- para protexer a súa agricultura da invasión de cultivos manipulados. En España, Asturias podería ser a seguinte en unirse. **Páx. 10**

Agroecoloxía

Fouce analiza a produción ecolóxica de ovos

Neste Fouce publicamos a primeira entrega dun estudio realizado por Miguel López sobre a produción ecolóxica de ovos. Con el, dase continuidade á análise por sectores da produción ecolóxica que, en anteriores números de Fouce, analizou o leite, a carne e as hortalizas. **Páx. 13**



SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es
www.sindicatolabrego.com

Publicación subvencionada por:



Os erros masivos no SIXPAC fan perigar moitas das axudas agrarias europeas

■ O Ministerio de Agricultura presentou en febreiro o novo Sistema de Identificación Xeográfica de Parcelas (SIXPAC), que substitúe ao Catastro para pedir as axudas da PAC.

■ A aparición de erros masivos, e a falla de solucións por parte da Xunta, fan perigar aquelas axudas europeas nas que compute a superficie como baremo de concesión. **Páxs. 2 e 3**



Segundo encontro bilateral entre o SLG e o Conselleiro de Política Agroalimentaria

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, e o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso, mantiveron o pasado 1 de marzo o seu segundo encontro bilateral. Algo máis dunha hora e media que a pouco chegou, dada a

cantidade de temas que Senra puxo sobre a mesa: os fallos do SIXPAC, a obrigatoriedade de mercar contedores, as novas normativas de trazabilidade e de seguridade e hixiene, ou as medidas para garantir o futuro do sector da pataca na Limia. **Páx. 5**



O SLG pediulle á Xunta máis apoio na hixiene e trazabilidade hortícolas


Representantes do SLG reuníronse con membros da Xunta para esixir un maior apoio nas campañas de información e na aplicación das novas normas de hixiene e trazabilidade. A reunión foi solicitada polo propio SLG, a finais

do 2004, debido á confusión xerada ante a entrada en vigor destas normas no sector hortícola. No encontro confirmouse que non será obrigatorio o rexistro sanitario para envasar hortalizas frescas nas explotacións. **Páx. 7**

O Sindicato Labrego asitiu ao Foro Social Mundial en Porto Alegre

Un ano máis, a cidade brasileira de Porto Alegre foi o escenario para celebrar o Foro Social Mundial (FSM), que nesta ocasión discorreu entre o 26 e o 31 de xaneiro. No que atinxe ás reivindicacións labregas, do día 21 ao 23 reu-

níronse en Chapecó representantes de organizacións agrarias de catro continentes. O compañeiro Xosé Ramón Cendán estivo representando ao Sindicato Labrego Galego. **Páx. 9**



O erros masivos no SIXPAC fan perigar as axudas europeas

O SLG esixiu un atraso no prazo de solicitude das primas da PAC para dar tempo a solucionar o problema

O Ministerio de Agricultura presentou en febreiro o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC), un proxecto que serve para localizar e identificar as parcelas declaradas por labregos e labregas para

acollerse ás axudas baseadas na superficie. A infinidade de erros do SIXPAC aconsellan revisalo e non utilizalo ata que estean todos corrixidos. Non embargante, nin o Ministerio nin a Consellaría semellan escoitar as queixas.

O SIXPAC tardou catro anos en realizarse e custou 84'3 millóns de euros financiados polo Ministerio de Agricultura, a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), e polas Comunidades Autónomas. A pesares do forte investimento, estanse a escoitar miles de queixas en todo o Estado polos erros que conteñen os planos, tanto no referente á extensión das superficies, como nos usos da terra.

No caso galego, a Consellaría de Política Agroalimentaria remitiu en febreiro, a todos os labregos e labregas de Galiza, os datos referentes ás fincas, cos seus usos e superficie. Trátase dunha información imprescindible para que as explotacións agropecuarias poidan solicitar as axudas europeas da Política Agraria Común (PAC).

Tamén en Galiza a cantidade de erros que están dando estas medicións é tan grande que fan imposíbel, agora mesmo, tramitar as axudas da PAC. E non se trata de excepcións, senón de erros xeneralizados entre os que se atopan casos nos que a algunha explotación lle desaparecen ata medio cento de hectáreas.

O problema agravouse cando a Administración non só non fixo nada para remediar isto, senón que deu a entender, de xeito explícito, que non hai solucións. Nin na Consellaría, nin nas oficinas agrarias comarcais saben como arranxar estes desaxustes. Dende o SLG, non dubidaron en afirmar que "isto demostra a negligencia, improvisación e, sobre todo, falta de información e nula formación dos funcionarios e funcionarias, con que a Xunta adoptou o SIXPAC".

O Sindicato Labrego Galego amosou a súa preocupación, pois "se a propia Administración non sabe contestar nin resolver todas



A Ministra e o Presidente do FEGA, Francisco Mombiela, encargáronse de presentar o SIXPAC

estas cuestións, cando é ela mesma a fonte de información e datos que conteñen os erros, daquela ¿a quen deben recorrer os labregos e

labregas?"

A alarma non é de balde, pois cómpre pensar que, se a unha explotación lle reducen a súa superficie agraria por

mor de erros do SIXPAC, reduciránselle tamén as axudas europeas nas que esa superficie sexa un baremo computábel.

De novo, a tramitación en mans do persoal inexperto da banca

Outro agravante da situación xa vén de vello, e é que a tramitación das axudas da PAC recaeu nas entidades bancarias, moitas veces en persoal inexperto e descoñecedor das particularidades do sector agropecuario, en troques das oficinas agrarias comarcais, cuxos funcionarios deberían ser quen se encargasen desta tarefa.

Dende o SLG, amosaron o seu temor de que, si estes cobros se reducen agora por mor destes erros, a Galiza labrega poida sufrir, no seu conxunto, unha forte redución das axudas europeas que viña percibindo, e mesmo dos seus dereitos de produción (algo que xa ten acontecido por deixar a tramitación das primas en mans das entidades bancarias). E iso sen contar cos graves prexuízos particulares que se lle

causará a cada explotación afectada, que atoparán un lastre máis na súa viabilidade económica.

Un bo feixe de axudas europeas afectadas

Os erros que está a ter o SIXPAC afecta a todas as axudas que estean ligadas á superficie, que non son poucas: cultivos herbáceos, froitos secos, agroambientais, cese anticipado, plans de mellora, primeira instalación, forestación de terras agrarias, indemnización compensatoria en zonas desfavorecidas, ou primas gandeiras, son as principais primas que necesitan dos documentos e medicións que proporciona o novo Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas.

O SLG e COAG coinciden ao demandar que se amplíe o prazo de solicitude

Por mor de todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego solicitou unha reunión urxente co Conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, para pedirlle que amplíe en dous meses o prazo de solicitude das axudas da PAC con tres finalidades:

- ▶ Que se forme ao funcionariado para que poida resolver todos estes problemas derivados do SIGPAC de xeito efectivo.
- ▶ Que se informe a labregos e labregas, e ás organizacións agrarias, de que maneira deben actuar para resolver eses problemas, e a quen deben acudir.
- ▶ Que dea tempo a que se tramiten as axudas da PAC despois deste proceso imprescindible de formación e información.

No resto do Estado, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) tamén denunciou os erros que trae o SIXPAC, facéndollo saber ao Ministerio de Agricultura. COAG criticou que non se lles facilitase a labregos e labregas a nova identificación cunha marxe de tempo suficientemente ampla para presentar reclamacións antes de que se abrise o prazo de solicitude das axudas da PAC.

Por esta razón, e do mesmo xeito que fixo o SLG, COAG pediu que se ampliase o prazo de presentación de solicitudes das axudas da PAC ata o 31 de marzo. Ademais, propuxo que "o ano 2005 sexa considerado como de transición para corrixir cantos erros se detectasen no SIXPAC, e que sexa o ano 2006 cando realmente se aplique".

Todas as presións exercidas sobre o Ministerio de Agricultura tiveron o seu efecto, e xa se fala dun borrador no que se contempla a posibilidade de alongar o prazo de solicitude das axudas da PAC ata o 15 de abril. Tanto para o Sindicato Labrego Galego como para a COAG este alongamento é insuficiente, sobre todo se temos en conta que, legalmente, poderíase ampliar o prazo ata o 31 de maio.

Xosé María Vilas, gandeiro de Touro afectado polos erros do SIXPAC

"Teño setenta hectáreas de labradío, e no SIXPAC só me aparecen 27"

Xosé María Vilas rexenta unha SAT familiar, a Gandería Ínsua, na parroquia de Prevediños, en Touro. Con setenta hectáreas a labradío para manter unha cabana gandeira de 140 reses, o seu é un bo exemplo de

como lle poden afectar os erros e a xordeira da Administración a un labrego. Das setenta hectáreas da súa explotación, no SIXPAC desaparecenlle 43. E ninguén le dá dito que debe facer ante semellante problema.



O caso de Xosé María Vilas é un bo exemplo dos problemas que o SIXPAC lle está a dar a moitos labregos e labregas

■ Como veñen as súas terras no SIXPAC?

Eu teño setenta hectáreas a labradío, e no SIXPAC véñenme 27, polo que me faltan 43. Esas hectáreas non aparecían por ningures. Por esa razón chamei á Oficina Agraria Comarcal, pois na carta que nos mandaron dicíannos que, ante calquera dúbida, consultásemos aí. Chamei, e dixéronme que non me podían axudar e que, cando fose ao banco debíamos resolver o encargado de tramitarme a solicitude de axudas da PAC. Como eu coñecía á rapaza que leva o das axudas no banco, pregunteillo e ela tamén me dixo que non tiña nin idea diso e que non lle ensinaran como solucionar.

Tamén cheguei a falar co xefe da Oficina Agraria de Arzúa, e tampouco el tiña nin idea do tema. Mesmo chamou á Consellaría de Política Agroalimentaria, e tampouco lle souberon buscar solución ao meu problema.

■ Se ninguén lle dá solucións, daquela, que pensa facer?

As miñas fincas pasaron todas pola concentración parcelaria. Cando fun ao SIXPAC, marquei polígono e parcela, pero non aparecían. Final-

mente, tiven que argallar eu mesmo unha solución. O que fixen foi buscar as miñas fincas no SIXPAC, pois sabían que eran miñas. Saqueinas, pero aparecían con outro polígono e con outra parcela que non tiña nada que ver. Aínda que non nos entregaron aínda os títulos da parcelaria, o que si teño son os certificados que din que as fincas son nosas.

Con estes documentos, o que fixen foi enviar unhas copias reducidas dos mapas da concentración parcelaria coas miñas fincas marcadas, os certificados que din que as leiras son nosas e, a maiores, as fotos aéreas do SIXPAC. A solución que atopei foi esa, e grazas que se me ocorreu, porque na Administración non me dicían nada.

■ Estes erros no SIXPAC poderían ter consecuencias negativas?

O problema é grave, pois nesas 43 hectáreas que me desapareceron no SIXPAC é onde vou botar o millo, polo que corro o risco de perder as axudas para este cultivo.

■ Detectou outras eivas que lle afectasen no SIXPAC?

A maiores, tamén hai erros no SIXPAC nos usos que lle dou ás miñas fincas debido a que as fo-

tografías aéreas non están actualizadas. Así, aparécenme varias hectáreas que teño agora a prado, cualificadas como de monte. Tamén hai outras que me veñen como de pasto, pero que teño a prado. Outro problema téño con tres hectáreas que son de prado, pero nas que teño algún castiñeiro para que lle faga sombra ás vacas; cando se xunta cinco ou seis árbores, cualifícanme o terreo como masa forestal, xa que as imaxes son aéreas, a pesares de que por abaixo hai herba e pacen as vacas igual, polo que ten aproveitamento gandeiro.

Outro problema é que están reducindo significativamente a superficie das propiedades, xa que lle descontan o terreo de camiños que pasan polas fincas, de valos, gabias, etcétera. Só delimitaron a superficie aproveitable. Eu escoitei dalgún caso que, con trinta hectáreas, perdía unha hectárea e media.

■ Que pensa que debería facer a Administración, agora mesmo?

Como mínimo, deberían aumentar o prazo de solicitude para poder solicitar as axudas da PAC, xa que o tempo que nos deixan non vai chegar para solucionar os problemas que están xurdindo.

Non falemos neste Fouce das dramáticas cifras resultantes do desastre da *tsunami* en Asia, esa vaga que sementou tanta morte e destrución.

Datos abondo xa nos deron os medios de comunicación nas últimas semanas. Fóra do caos que nos deixou abraídos nos primeiros días desta catástrofe, cómpre facer de tripas corazón e comezar a pensar en que a axuda para toda a xente damnificada, a parte de afrontar as necesidades máis inmediatas, tamén debe cubrir o futuro que lles foi roubado. Dende a Vía Campesina, organización na que está integrada o Sindicato Labrego, xa nos advirten que "ademais dos millóns de persoas afectadas ou desprazadas, moitos millóns perderon as súas casas e os seus apeiros para pescar ou para sementar: barcos e redes destruídos, terra contaminada, cultivos arrasados e gando morto".

No que se refire á axuda para responder ás necesidades inmediatas da poboación, e aproveitándose da etiqueta da solidariedade, hai países que están introducindo cargamentos masivos de transxénicos ou partidas de alimentos a piques de caducar. Aínda que resulta tan necesaria esta axuda, coma di o dito popular, o pan de hoxe pode ser a fame de mañá. Dende as organizacións labregas da Vía Campesina en Asia -que, por certo, están desenvolvendo unha exemplar campaña solidaria cos escasos recursos con que contan- xa nos advirten de que todas estas partidas alimentarias está deixando fóra de xogo ás

Axudar aos pobos arrasados pola *tsunami* garantíndolles o pan de mañá

explotacións labregas da zona, que non poden vender as súas propias producións. O efecto inmediato disto podería ser outra *tsunami* invisíbel que se leve por diante a milleiros de explotacións que non van poder vender o que producen. E de aí viría entón a fame da mañá, pois se as explotacións de alí se ven na obriga de pechar, ¿quen vai subministrar alimentos á xente nos anos vindeiros?

Fronte a esta situación, fronte a este xeito colonialista de axuda, neste Fouce queremos salientar o traballo que está a desenvolver a Vía Campesina cunha "campaña global de recolección de fondos para apoiar os esforzos das nosas comunidades de pescadores e labregos afectadas para iniciar a reconstrución a través das nosas organizacións de base".

Vía Campesina ten moi claro como debe ser a reconstrución: "A filosofía de auxilio da Vía Campesina é que as nosas comunidades deben participar directamente e ser os actores principais no proceso de reconstrución, de maneira que as organizacións de pescadores e labregos deben ter un rol principal de mobilización e apoio".

Con esta concepción do que debe ser a solidariedade cos países arrasados pola *tsunami*, dende Vía Campesina invitan, a calquera persoa que o desexe, sexa ou non labrega, a colaborar na milagre de resucitar ás zonas devas-

tadas: "Traballemos xuntos neste intre e fagámolo con xeitos que axuden á autosuficiencia, á organización de base e ao poder dos pobos para enfrontarse ao futuro".

Dende o Sindicato Labrego Galego queremos animar aos socios e socias da organización, e a calquera persoa que lea este editorial, a colaborar cos esforzos da Vía Campesina nunha reconstrución que ten os ollos postos no futuro e a fe depositada na capacidade de recuperación dos pobos afectados, unha axuda que dea pan hoxe, pero que tamén garanta o de mañá apostando por unha produción de alimentos sostíbel.

Para iso, poden ingresar donativos na conta bancaria que abriu a Vía Campesina en Europa. O número de conta é o 3035 0022 4202 2005 5606, o nome da conta é "Vía Campesina-Honduras", e a entidade bancaria é sucursal de Guernika (Biscaia) da Caja Laboral. Tamén se poden enviar cheques por correo ao mesmo número de conta a nome de "Vía Campesina-Solidaridad-Tsunami", remitíndoo ao seguinte enderezo: Paul Nicholson, EHNE, rúa Iñigo López de Hano nº 9, Gernika, Biscaia, País Vasco. Todas aquelas persoas que fagan un donativo, poden notificalo á oficina nacional do Sindicato Labrego Galego chamando ao 981 554 147, ou enviando un correo electrónico a slgnac@terra.es

Nos últimos anos, o prezo do leite andou por case todas as cotas: uns prezos aceptábeis no ano 2001, logo unha grande baixada ata case finais de 2003 e, a

partir de aí, experimentou unha lixeira recuperación. E isto se facemos unha análise a curto prazo; se miramos máis atrás, podemos observar que os prezos mellores dos últimos anos non son máis altos que os que tiñamos a principio da década dos noventa. Unha primeira conclusión está clara: os produtores e produtoras de leite perdemos nivel de renda cada ano que pasa, xa que aínda que baixan os prezos do leite, seguen subindo o índice de prezos de consumo (IPC), ou o valor dos insumos empregados na ganadería, o custes de produción, etcétera

Nos últimos días estamos vivindo unha nova baixada, case xeneralizada, dos prezos do leite (na Galiza sempre hai que facer excepcións) de entre dúas e catro das antigas pesetas; nalgún caso, incluso máis.

Podemos pensar que esta é unha nova situación conxuntural e que haberá novas recuperacións e, en definitiva, consolarnos con mentiras piadas. Non embargante, no fondo, os lectores e as lectoras do Fouce sabemos que non é así, que detrás desta nova baixada hai toda unha política agraria e de mercados que arrinca da Organización Mundial do Comercio (OMC), e que se foi concretando nas sucesivas políticas agrarias comúns (PAC), todas elas tendentes a

Arredor dos prezos do leite por Xabier Gómez Santiso



unha redución dos prezos de produción. Non é, xa que logo, unha situación conxuntural, senón que é, máis ben, o resultado dunha estratexia económica da cal os labregos e labregas están a ser as vítimas. Se non somos conscientes disto, non poderemos afrontar con éxito o futuro.

A nova reforma "intermedia" da PAC instaura unha prima por quilo de cota que sempre se xustificou pola previsión de baixada dos prezos. Polo tanto, a baixada está prevista implícita-

mente na propia reforma. O que cabe preguntar agora é: para quen é a prima PAC?, para o sector produtor -labregos e labregas-, ou para quen comercializa o leite

-industrias e grandes cadeas de distribución-? Todos e todas sabemos cal é a resposta.

É a nosa responsabilidade traballar para que mude esta conxuntura. Para enfocar este traballo podemos recorrer a este siloxismo: Se a responsable desta situación de baixada de prezos e perda de renda non é do mercado, como nos din, senón da política agraria, deberemos traballar para mudar a política agraria. No Sindicato Labrego Galego pensamos que este é o camiño, traballar e loitar decididamente no camiño de facer posíbel outra política agraria que garanta o noso nivel de renda, que sexa sostíbel e duradeira, respectando as condicións medioambientais do planeta, e respectando o dereito que deben de ter todos os pobos do mundo a producir os seus propios alimentos.

Se enfocamos o camiño nesta perspectiva, convencidos e convencidas de que é posíbel outra política agraria que sexa mellor para todos -agás para os agronegocios-, podemos pensar nun futuro cheo de ilusión e de posibilidades; mais, se pola contra, pensamos só en solucionar o problema dos baixos prezos, coma un problema illado, estaremos sempre dando paos de cego contra un muro de pedra.

Senra reúne-se con Santiso para tratar os problemas máis urxentes do agro

A Secretaria Xeral do SLG tivo o seu segundo encontro bilateral co Conselleiro de Política Agroalimentaria

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, e o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Xosé Antonio Santiso, mantiveron o pasado 1 de marzo o seu segundo encontro bi-

lateral. Algo máis dunha hora e media que a pouco chegou, dada a cantidade de temas que Senra puxo sobre a mesa: os fallos do SIXPAC, a obrigatoriedade de mercar contedores para a

retirada de animais mortos, as novas normativas de trazabilidade e de seguridade e hixiene, ou a activación de medidas para garantir o futuro do sector da pataca na Limia.

Dende a dimisión de Diz Guedes, semella que na Consellaría de Política Agroalimentaria se respiran outros aires. Da falla total de contacto entre o Conselleiro e as organizacións agrarias, pasouse agora a encontros regulares que permiten o diálogo, mesmo de xeito bilateral, como este encontro que mantivo con Lidia Senra, xa o segundo. Por primeira vez, falouse longamente sobre a situación e o futuro das pequenas explotacións labregas. Sobre esta cuestión, o Conselleiro emprazou a Lidia Senra a un novo encontro monográfico sobre o tema, do que xa adiantou a posibilidade de intentar emprender accións en base ás negociacións agrarias sobre desenvolvemento rural para o período 2007-2013 na Unión Europea. Outros temas que se abordaron na reunión foron os seguintes:

■ **SIXPAC:** Dos erros ma-



Senra e Santiso reuníronse durante case dúas horas para tratar varios problemas urxentes

sivos que contén o novo Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas, máis coñecido como SIXPAC, Santiso Miramontes recoñeceu a existen-

cia de defectos, e tamén as dificultades derivadas da súa implantación por ser unha novidade. Como solución propuxo a posibilidade de que os afectados presen-

ten por escrito as deficiencias que descubran diante da oficina bancaria que lles tramita as axudas da Política Agraria Común (PAC), ou nas oficinas agrarias comar-

cais. No escrito que se presente hai que solicitar os cambios que se consideren pertinentes.

■ **Trazabilidade e paquete hixiénico sanitario:** Na cuestión sobre como ía actuar Política Agroalimentaria ante a entrada en vigor para o 2006 do paquete de medidas hixiénico-sanitarias na agricultura, quedou todo en suspenso e pendente para encontros posteriores.

■ **O cobro das ICM:** Algo semellante aconteceu co problema de moitas explotacións que aínda están pendentes de cobrar as indemnizacións compensatorias de zona desfavorecida (ICM) dos anos 2001, 2003 e 2004. Neste tema concreto, Santiso Miramontes pediulle a Lidia Senra que presentase ante a Consellaría un informe onde se lle explicase en detalle toda esta problemática para poder analizala e darlle unha resposta axeitada.

Seguen pendentes os problemas da pataca da Limia ata un novo encontro

O encontro con Santiso Miramontes serviu tamén para que Lidia Senra lle presentase as principais demandas dos produtores e produtoras de pataca da Limia. Nun documento asinado polo responsable do sector no SLG, Anxo Pérez Rúa, denunciábanse as marxes abusivas da distribución fronte aos prezos de miseria en orixe.

As medidas que se pedían para a presente campaña eran varias:

- ▶ Paliar as perdas dos labregos e labregas a título principal que cultivan patacas.
- ▶ Crear unha liña de préstamos sen xuros a amortizar, como mínimo, en cinco anos.
- ▶ Axudas directas á compra de semente de pataca para a vindeira campaña.
- ▶ Reducir para o período impositivo 2004 o índice de rendemento neto a cero no caso do cultivo da pataca.
- ▶ Exención de cotizar á Seguridade Social Agraria alomenos durante seis meses.

Ademais, no documento tamén se pedían accións para evitar crises futuras:

- ▶ Cumprimento do Plan Estratéxico da Pataca presentado pola Consellaría en marzo de 2003, e que incluía o fomento de contratos homologados, a creación dun fondo de compensación, ou a mellora de infraestruturas, entre outras medidas.

- ▶ A realización íntegra do Plan de Regadío na comarca da Limia.

- ▶ Perseguir as irregularidades no etiquetado da pataca, que favorecen a fraude.

En resposta a estas demandas, Santiso Miramontes adiantou que Política Agroalimentaria xa contratou o estudo de impacto ambiental na Limia previo á execución dos regadíes. Para isto último, a Consellaría está pendente de que o Ministerio de Agricultura contribúa por igual ao financiamento das obras. Aparte do regadío, non falou dos outros puntos do documento. Para iso, terá que haber un novo encontro, nesta ocasión entre os representantes do sector e o director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, Secundino Grobas.

Obrigatoriedade de mercar contedores: pásanlle a pelota ao Ministerio de Agricultura

Outro dos temas importantes que se trataron foi o da obrigatoriedade de ter que mercar contedores para almacenar animais mortos nas explotacións ata o intre que veñan retiralos. Tralas mobilizacións do mes de xaneiro, que tiveron continuidade en Pontevedra en febreiro, a Consellaría respondeu ao SLG que a retirada de animais e os contedores estaban subvencionados, algo que nunca foi negado.

Non embargante, na reunión do 1 de marzo, Santiso Miramontes deu unha volta de rosca a esta problemática ao dicir que, tanto a Consellaría coma el, estaban en contra da obrigatoriedade dos contedores. A pesares disto, tamén informou que a Xunta ten as mans atadas, xa que se trata dunha condición do seguro agrario, e a única institución con poder para trocala é o Ministerio de Agricultura, xa que os seguros agrarios non son competencia autonómica.

Cómpre aclarar que, a pesares desta nova viraxe no tema da retirada obrigatoria de animais mortos das explotacións, as accións van continuar cun encontro no Ministerio de Agricultura para tratar o tema ao que asistirán representantes do SLG e da COAG. Tamén se solicitará unha reunión do delegado do Goberno en Galiza.

O SLG apoia unha Iniciativa Lexislativa Popular para salvar os ríos de Galiza

O Sindicato Labrego e unha trintena de organizacións terán que recompilar máis de 15.000 sinaturas

O Sindicato Labrego Galego, xunto a unha trintena de organizacións, participará no desenvolvemento dunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) que tentará que se aprobe unha lei

destinada a garantir a conservación dos ríos galegos. Esta iniciativa pretende poñer freo á degradación provocada pola proliferación de encoros, á invasión das zonas de inundación flu-

vial por todo tipo de construcións, ou á sobreexplotación piscícola. Entre os membros da Comisión Promotora da ILP atópase o Secretario de Organización do SLG, Xoán Monasterio.

Os ríos galegos atópanse hoxe en perigo. A alteración física, debida sobre todo ás presas hidroeléctricas, a perda e degradación dos hábitats, a invasión das zonas de inundación debido a todo tipo de construcións, a sobreexplotación piscícola, a contaminación e a introdución de especies alóctonas, son os factores que máis contribúen á diminución da súa biodiversidade. O salmón é un bo indicativo da perda de poboacións nos nosos ríos: nos últimos cincuenta anos, as súas existencias reducíronse en máis dun 99%. Os recursos socioculturais relacionados co medio fluvial corren a mesma sorte que os nosos ríos.

A alteración física do hábitat é o principal impacto sobre os nosos ríos e ecosistemas de auga doce: eliminación de zonas de inundación, destrución de brañas e mananciais, dragados, canalizacións, aproveitamentos hidroeléctricos, e mesmo algúns paseos e praias fluviais. Aliás, danse casos frecuentes e xeneralizados de contaminación orgánica, que afectan permanente ou temporalmente a máis do 80% da rede hidrográfica galega. Tamén é preocupante a contaminación por substancias químicas e a presenza de especies exóticas.

Galiza, con tan só o 5% do territorio e o 7% da poboación, xera o 25% de toda a electricidade de orixe hídrica do Estado Español, da que preto do 40% consúmese fóra do noso país, cunhas perdas elevadas no transporte. Esta sobreproducción non redundou nun mellor abastecemento ás vilas e comarcas galegas..

Dende hai máis de dez



Membros do SLG na manifestación de agosto en Palas de Rei (Lugo) pola defensa dos ríos

anos, diferentes colectivos veñen denunciando a proliferación de instalacións hidroeléctricas nos nosos ríos, con exemplos tan dramáticos coma os proxectos de aproveitamento hidroeléctrico integral do río Ulla (con doce novos encoros para o Alto Ulla), Léziz (con seis encoros),

Verdugo (con oito novos encoros), etcétera.

Só nos ríos de Galiza Costa (aqueles que transcorren integramente pola Comunidade Autónoma de Galiza), estaban en funcionamento 57 aproveitamentos hidroeléctricos a finais de 2002, mentres outros 46 proxectos tiñan sido auto-

rizados entre 1998 e 2002.

De pouco serviron as numerosas alegacións aos planos hidrolóxico e sectorial hidroeléctrico, ou a rotunda oposición á grande maioría dos proxectos.

Diante desta situación de incumprimento xeneralizado das leis ambientais, considerouse necesario a elabo-

ración dunha nova normativa que evite as ambigüidades e enfrente os verdadeiros problemas e causas de deterioración dos nosos ríos. A recollida de sinaturas é tamén unha oportunidade para a información e a concienciación social sobre a situación dos ríos.

Unha trintena de organizacións e colectivos

Adega, Adenco, Arrepíons, APDR, BNG, Burla Negra, CGT Pontevedra, CIG, Clube Deportivo Miño Teixugos, Cogader, colectivo río Arca Sevil, Colectivo río Barcés, Colectivo río Navia, Colectivo río Ulla, Colectivo río Tines, Colectivo ríos Vilacoba e San Xusto, Confederación Galega de Veciños, Coordinadora pro Natureza Ourensá, Coordinadora do Umia, ERVA-Ecoloxistas en Acción, Federación Galega pola Defensa da Cultura Marítima e Fluvial, FEG, Galiza Nova, Oureol, Plataforma pola Defensa do río Verdugo, Plataforma pola Defensa da Ría de Arousa, Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo, Sindicato Labrego Galego e Turnauga.

Polo patrimonio cultural e natural

Nunha primeira reunión no mes de setembro, os colectivos participantes acordaron as liñas xerais da proposta desta Iniciativa Lexislativa Popular (ILP). O obxectivo desta lei será o de protexer e reparar o patrimonio cultural e natural dos ríos galegos, a través de medidas e accións como as seguintes:

- Evitar e limitar o impacto das obras hidroeléctricas, das obras de regulación e das captacións de auga.
- Evitar a contaminación por vertidos puntuais ou por fontes difusas, e a contaminación biolóxica por especies invasoras.
- Promover o uso racional da auga, a educación ambiental relacionada cos ríos como sistemas vivos, e cos diferentes procesos socioeconómicos que impactan nos ríos, e promover o desenvolvemento de fontes de enerxía limpa e o aforro enerxético.
- Acadar a protección integral dunha parte significativa

dos ecosistemas fluviais galegos, co obxectivo de garantir a conservación sustentábel da paisaxe e a biodiversidade fluviais.

■ Levar a cabo a restauración do hábitat que garanta a viabilidade de especies hoxe ameazadas (salmón, sábel, lamprea, anguía, reo, mexillóns de río, fauna invertebrada, etcétera)

■ Desenvolver un plano de protección dos recursos etnográficos e histórico-culturais ligados ao medio fluvial.

■ Promover e garantir unha participación efectiva da sociedade na definición e aplicación das políticas da auga como base para acadar os obxectivos últimos desta lei.

A proposta de lei conta cunha exposición de motivos e sete artigos que desenvolven os aspectos indicados. Para que esta proposta entre no Parlamento, requírese que sexa asinada por máis de 15.000 persoas con dereito a voto nas eleccións autonómicas.

O SLG pediulle á Xunta máis apoio na hixiene e trazabilidade hortícolas

Membros da organización tiveron unha xuntanza con responsábeis de Política Agroalimentaria e Sanidade

Representantes do Sindicato Labrego reuníronse con membros de Política Agroalimentaria e de Sanidade para esixirlles un maior apoio, por parte da Xunta, nas campañas de información e na aplicación das novas normas de hixiene e trazabilidade. A reunión foi solicitada polo propio SLG, a finais do 2004, debido a falla de información e á confusión xerada ante a entrada en vigor destas novas normativas no sector hortícola. O encontro tamén serviu para confirmar que non será obrigatorio o rexistro sanitario para envasar hortalizas frescas nas explotacións.

Na xuntanza, o SLG pediulle á Consellaría de Política Agroalimentaria que poña en marcha unha campaña informativa, dirixida a labregos e labregas, na que se informe sobre as implicacións que traen estas normativas e se lles oriente para que poidan cumprir con estes requisitos de xeito sinxelo e sen que supoñan máis papeleo.

No caso da normativa de trazabilidade -xa en vigor- non supón ningún cambio drástico, xa que só implica gardar toda a información sobre a quen se lle vende, canto e cando. Polo tanto, non será necesario levar rexistros de aplicación de pesticidas e fertilizantes durante este ano. A venda directa, tanto para consumo como para tendas a pequena escala, estará exenta de levar este rexistro de clientes.

Non acontecerá o mesmo



As explotacións hortícolas que envasen hortalizas frescas non estarán obrigadas a ter o rexistro sanitario

coa normativa de hixiene, que entrará en vigor no 2006, e en virtude da cal haberá que recompilar información dos tratamentos fitosanitarios que se aplican, a quen lle mercamos o produto, etcétera.

Por parte da Consellaría de Política Agroalimentaria, in-

formóuselle ao Sindicato Labrego de que se van elaborar unhas guías para a aplicación desta normativa de hixiene. O SLG pediu na xuntanza que estas guías se fixesen de acordo coa realidade do campo en Galiza, e que se contase co sector á hora de elaboralas.

O rexistro sanitario para envasar hortalizas frescas xa non será necesario

Outra das razóns que motivaron a xuntanza foi o tema do rexistro sanitario. Ata o de agora, este rexistro era necesario para envasar hortalizas en fresco na explotación. Pois ben, aclaramos que, de acordo coa nova normativa europea, a partir do 1 de xaneiro de 2006 non será necesario ter sala con rexistro sanitario para o envasado de hortalizas na explotación.

Isto explícase porque, ao ter lugar o envasado na propia explotación e o produto non sufrir transformación da súa natureza, considérase unha actividade asociada á produción primaria.

Debido a que isto se contradí co que se leva aplicando ata o momento, o SLG solicitoulle aos responsábeis de Sanidade que esta información sexa debidamente transmitida ás delegacións provinciais de Política Agroalimentaria, informando con total claridade aos produtores e produtoras.

Por todo o devandito, e se dende algunha oficina se che di que fai falla sala con rexistro sanitario para envasar as túas froitas e hortalizas en fresco, ponte en contacto co teu local do Sindicato Labrego Galego, xa que isto foi confirmado polos responsábeis da Consellaría de Sanidade de que non é así.

Seis potencias forestais de Europa elixen a certificación FSC, que rexeitou a Xunta

A organización ecoloxista ADENA vén de publicar un estudo no que demostra, a través da experiencia de seis países europeos, que a certificación forestal FSC aporta valores engadidos á sociedade, ao medio ambiente e a economía.

A experiencia aconteceu con Alemaña, Estonia, Letonia, Reino Unido, Rusia e Suecia, e as transformacións que experimentaron para poder acadar a certificación FSC para 18 millóns de hectáreas de bosques.

A experiencia demostrou que nestes países, para poder acadar a certificación FSC, a biodiversidade mellorou grazas a unha silvicultura menos agresiva, mellor protección de hábitats clave, nivel máis elevado de

madeira morta, medidas para aumentar a diversidade das especies, menor compactación do solo, mellor xestión da auga e maior control da contaminación.

Asemade, nestes seis países, a certificación FSC produciu condicións laborábeis máis seguras e aumento da capacitación dos traballadores e traballadoras, mellor planificación a longo prazo, e estratexias máis axeitadas para minimizar os prexuízos económicos.

Segundo o director do programa forestal europeo de WWF/ADENA, Duncan Pollard "a nosa análise proporciona probas concluíntes do valor dunha certificación creíbel para moitos dos implicados en toda Europa. Simplemente, fixámonos nos



trociscos reais que a certificación FSC aportou á xestión forestal; e os resultados falan por si mesmos. O estudo destaca tamén moi claramente os beneficios sociais e económicos que o FSC produce para os políticos, os gobernos, os propietarios forestais, a industria forestal, os empregados e os usuarios recreativos dos bosques".

En Galiza, ao revés

A aposta de algunhas das grandes potencias madei-

reiras de Europa polo sistema de certificación FSC contrasta coa actitude dictatorial da Consellaría de Medio Ambiente, que hai pouco certificou 50.000 hectáreas de monte galego co dubidoso sistema PEFC (ver Fouce 229). A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), a Federación Ecoloxista Galega (FEG) e ADENA, criticaron esta decisión denunciando que o sistema PEFC "non é aplicábel

mundialmente; non garante o cumprimento duns umbrais mínimos, precisos e de interpretación obxectiva; non reconece o compromiso do propietario individual cos valores ambientais, sociais e culturais que xera o seu monte; non é froito da participación equilibrada nin do consenso dos sectores involucrados na xestión forestal; non garante un proceso de certificación transparente e a etiqueta PEFC non asegura que un produto procede dun bosque certificado".

Estas asociacións ecoloxistas tamén denunciaron que Medio Ambiente vulnerou a Lei de Montes no apartado que esta di "as administracións públicas procurarán que as condicións de transparencia, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia se cumpran por parte de todos os sistemas de certificación forestal".

PAC 2005

No campo, todo ten o seu momento.

Domicilie as súas axudas PAC 2005 en Banesto.
Obteña importantes beneficios e leve este regalo.

Banesto

Xa é hora de que un banco te sorprenda.

Chame ao 902 507 150 ou entre en www.banestonatura.com

O Foro Social Mundial fixa as demandas globais da agricultura labrega no mundo

O compañeiro Xosé Ramón Cendán, membro da executiva do SLG e da CPE, participou en todos os encontros

Un ano máis, a cidade brasileira de Porto Alegre foi o escenario para celebrar o Foro Social Mundial (FSM), que nesta ocasión discorreu entre o 26 e o 31 de xaneiro. No que atinxe ás reivin-

dicacións labregas, do día 21 ao 23 reuníronse en Chapecó representantes de organizacións agrarias de catro continentes, onde elaboraron un texto que fixa como principais demandas o

acceso aos recursos naturais, o reforzo da capacidade produtiva dos pobos, ou prezos remuneradores do traballo agrario. O compañeiro Xosé Ramón Cendán estivo representando ao SLG.

Con máis de 150.000 participantes, e a presenza de 6.588 organizacións de 135 países, o Foro Social Mundial do 2005 foi o máis concorrido e, polo tanto, os documentos xurdidos del teñen maior validez, se cabe, cós de edicións anteriores.

Neste senso, publicouse unha axenda de loita que contén 27 puntos e que, por problemas de espazo, non podemos transcribir neste Fouce.

Nesa axenda de loita, no punto 9, trátase o tema agrario, e di o seguinte: "Loitamos polo dereito universal a unha alimentación san e suficiente. Loitamos polo dereito dos pobos, as nacións e os labregos e labregas a producir os seus alimentos. Manifestámonos contra os subsidios á exportación que destrúen as economías das comunidades rurais. Evitemos o dumping alimentario. Rexeitamos os alimentos transxénicos porque, ade-



Xosé Ramón Cendán, escribindo e con auriculares, representou á Galiza labrega nos debates

mais de pór en risco a nosa saúde e o medio ambiente, son o instrumento para o control dos mercados por

cinco empresas transnacionais. Rexeitamos as patentes sobre calquera forma de vida e, en especial, so-

bre as sementes, xa que con isto pretenden apropiarse dos nosos recursos e o coñecemento asociado a eles.

Esiximos a Reforma Agraria como unha estratexia que permita garantir o acceso do campesiñado á terra, e sexa a garantía dunha alimentación san e suficiente, e non se concentre a terra en mans das transnacionais e os latifundistas.

Esiximos que se anulen as accións en contra dos labregos e labregas de todo o mundo, a súa liberación inmediata dos que estean presos, e a suspensión da militarización das zonas rurais. Apoiamos a produción sostíbel baseada na preservación dos recursos naturais: solo, auga, bosque, aire, biodiversidade, recursos acuáticos, ectétera.

Apoiamos o fomento á produción orgánica e agroecolóxica.

Chamamos á mobilización no Día Mundial de Labregos e Labregas, o 17 de abril; e no aniversario da morte de Lee o 10 de setembro contra a Organización Mundial do Comercio".

O encontro que se desenvolveu en Chapecó, entre o 21 e o 23 de xaneiro, estivo totalmente centrado na agricultura baixo o lema "Alternativas ao libre cambio: por unhas políticas agrarias sostíbeis e solidarias", e convocou a organizacións agrarias de catro continentes.

Por parte do Sindicato Labrego, Xosé Ramón Cendán participou activamente nos debates e mesmo, como membro que é o SLG da Vía Campesina, impartiu a conferencia "Soberanía alimentaria e protección dos mercados internos". Cendán aproveitou a ocasión para manter varios encontros bilaterais con varias organizacións agrarias de América e Europa.

O resultado final do encontro de Chapecó foi un documento que se publicou dando continuidade á Declaración de Dakar. Este documento comeza dicindo que "Nós, representantes das organizacións labregas dos diversos continentes esiximos dos gobernos: deixar de seguir a visión dogmática de políticas agrícolas preconizadas polas institucións internacionais, en particular a OMC, o FMI e o Banco Mundial; esta visión neoliberal baseada na desregulización dos mercados é destrutiva para todos

Chapecó: por unhas políticas agrarias sostíbeis e solidarias

os labregos e labregas do mundo; tras dez anos, constatamos o fracaso dos acordos da OMC. Tamén pedimos que os gobernos reformen as súas políticas considerando as expectativas léximas dos pobos, respectando as súa diversidade produtiva e cultural".

Os principais problemas da agricultura en todo o mundo

Este mesmo documento tamén contén unha análise dos principais problemas que padece a agricultura mundial, que son fundamentalmente tres:

- O acceso á terra e aos recursos naturais.
- A degradación da capacidade produtiva das poboacións rurais por mor da desprotección fronte ás políticas exportadoras.
- As fortes caídas dos prezos agrarios, que están a provocar un aumento na pobreza das familias labregas. Deste problema derivan outros, coma o éxodo rural e a degradación do medio ambiente.

Mentres que son as grandes cadeas de distribución e as industrias quen se benefician desta política, perden os consumidores e consumidoras. Acúsase directamente aos gobernos de orquestrar estas baixadas de

prezos a través de tratados coa OMC.

A problemas globais, solucións globais

Para facer fronte a estes problemas, en Chapecó tamén se deron unha serie de solucións:

- Poner en práctica políticas activas de acceso a recursos como terra, auga, sementes, créditos, ectétera, respectando os dereitos das poboacións locais, e dando prioridade á produción de alimentos para o mercado interno.
- Reforzar a capacidade de produción para asegurar as necesidades alimentarias utilizando, entre outras medidas, unha protección axeitada fronte ás importacións.
- Asegurar prezos agrícolas remuneradores a través dunha combinación de instrumentos adaptados á diversidade de situacións (protección aduaneira, xestión da oferta, comercialización colectiva, métodos de produción sostíbeis, prohibición do *dumping*, ectétera.

Vinte países e rexións de Europa rebélanse contra os transxénicos

Na outra banda do Atlántico, os narcotraficantes colombianos desenvolven plantas manipuladas de coca

Un dato preocupante veu a confirmar que no eido da manipulación xenética non é ouro todo o que reluce: os narcotraficantes colombianos están desenvolvendo plantas transxénicas para aumentar a produción de

cocaína. Na outra cara da moeda, en Europa uníronse vinte países e rexións, entre os que se atopan Gales, Escocia, Bretaña e Euskadi para protexer a súa agricultura da invasión de cultivos manipulados.

Aínda que a Comisión Europea se empeña en dar vía libre as industrias da manipulación xenética no territorio da Unión, non todo o mundo está disposto a comungar con rodas de muíño. Así llo fixeron saber un grupo de vinte países e rexións que veñen de unirse para protexerse contra a proliferación de cultivos manipulados.

Entre os integrantes desta coalición están Euskadi; as rexións italianas de Bolonia, Toscana, Lacio, Bolzano, Cerdeña e Emilia Romagna; as francesas de Ile-de-France, Aquitania, Poitou-Charentes, Limousin e Bretaña; Gales e Escocia en Gran Bretaña; varias autriacas como Salzburgo, Styria, Burgenland e Alta Austria; a alemana Schleswig Holstein; e a grega Drama-Kavala-Xanthi. Parece ser que Asturias tamén amosou a súa intención de integrarse.

Todos os membros deste grupo asinaron unha carta, o pasado 4 de febreiro en Florencia, na que se comprometen a promover a aplicación de plans e específicos e normas técnicas que prevean "a protección dos cultivos contra os transxénicos en zonas amplas ou en todo o territorio rexional".

O seu obxectivo é que se lles autorice a definirse como "ceibes de toda presenza de OXM no marco das súas competencias e respectando a lei en vigor" coa intención de salvaguardar dos transxénicos ás economías agrarias que basean o seu valor engadido nas producións de calidade certificada. Neste senso, pediránlle ao Executivo Comunitario "a aplicación de procedementos que impliquen a identificación das zonas excluídas dos cultivos OXM, baseados en métodos comúns a nivel científico, económico e medioambiental".



Manifestación de COAG e de Amigos da Terra contra a política de transxénicos en Europa

Os asinantes tamén se comprometeron a "pedir á Comisión Europea e ás demais institucións comunitarias que propoñan un sistema de sancións que atribúa os custes e a responsabilidade dos danos directos e indirectos provocados por transxénicos aos ope-

radores que os provocasen". Tamén dixeron de "coordinar as iniciativas dirixidas a solicitar ante as institucións europeas e dos estados membros a revisión da lexislación en vigor en materia de OXM".

A nivel particular, algúns dos membros desta de-

claración xa tomaron iniciativas propias, como Bretaña, que asinou un acordo de cooperación co estado brasileiro de Paraná coa fin de abastecerse de soia non transxénica, co cal abastecerá o 50% das súas necesidades respecto desta leguminosa.

Coca transxénica resistente aos herbicidas e que produce o dobre

A policía colombiana identificou unha variedade xeneticamente modificada da planta da coca, que pode producir oito veces máis cá planta tradicional. O descubrimento, aparecido nun documento do Servizo de Intelixencia dos Estados Unidos, e obtido en exclusiva polo *Financial Times*, demostra ata que punto os produtores colombianos abortan o esforzo americano de erradicar o comercio da droga. "Na busca de beneficios máis grandes, os traficantes de droga semellan estar interesados no eido da manipulación xenética", di o texto sobre a nova variedade de planta, atopada nunha afastada rexión de Serra Nevada, ao norte do país.

O goberno de Álvaro Uribe, axudado por empresas americanas coma Dyncorp, quere que Colombia deixe de ser o máis grande produtor de cocaína do mundo. A súa principal arma nesta empresa é a fu-

migación masiva con poderosos herbicidas sobre as plantacións ilícitas que, ademais, estase levando por diante moitas explotacións labregas. Mais, mesmo se os datos oficiais amosan que a superficie cultivada estancouse tralo ano 2000 nunhas 86.000 hectáreas, a produtividade da cocaína por hectárea semella aumentar.

A policía colombiana pensa que os traficantes traballan conxuntamente con técnicos estranxeiros para desenvolver unha planta que chega aos 2'70 metros de altura e produce dúas veces máis que a planta tradicional. Tanto a talla como a forza fan á planta modificada resistente aos herbicidas. E, o máis importante: a planta modificada xeneticamente posúe catro veces máis alcaloide de cocaína. "Se esta planta chega a producirse a grande escala, a pulverización con herbicidas non servirá de nada", comentou un policía colombiano.

O Goberno senta as bases para a eliminación das Cámaras Agrarias

O pasado 11 de febreiro, o Consello de Ministros sacou para adiante unha das reivindicacións históricas do Sindicato Labrego: a eliminación das cámaras agrarias. Facíao aprobando un proxecto de lei polo que se derrogaba a lexislación referente a estes organismos herdados do franquismo.

De todos xeitos, aínda é cedo para cantar victoria, pois unha das demandas do SLG neste eido -que as forzas sindicais galegas poidan ter capacidade de interlocución e negociación en asuntos estatais que afecten a Galiza- sen resolver. O único que se di a este respecto é que "nun prazo máximo de tres anos, establecerase a norma que regule un novo sistema para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias".

Para o Sindicato Labrego, a representatividade das organizacións é unha materia pendente, polo que seguirá reivindicando que, nesa nova norma que está a cociñar o Goberno, se fixen os criterios de representatividade que posibiliten que unha organización de ámbito galego coma o Sindicato Labrego, que acadou o 25% dos votos nas Eleccións a Cámaras Agrarias do ano 2002, teña recoñecemento como organización representativa a nivel estatal.

A India obriga a Coca Cola e Pepsi a advertir que as súas bebidas teñen pesticidas

O Tribunal Supremo da India ordenou a Coca Cola e a Pepsi a informar nos envases das súas bebidas da presenza de refugallos de pesticidas e doutros produtos químicos.

Esta sentenza dictouse a raíz dunha denuncia do Parlamento Indio, que ratificou a veracidade dun informe do grupo ecoloxista Centro para a Ciencia e o Medio Ambiente, que acusaba ás dúas multinacionais de vender refrescos con residuos prexudiciais para a saúde humana.

Fronte común en Europa para pedir prezos dignos para o leite

O SLG reuniuse con outras organizacións en Holanda para acordar estratexias conxuntas no sector lácteo

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, viaxou o pasado 16 de febreiro a Amsterdam (Holanda) para reunirse con representante de organizacións agrarias de toda Europa e

debater sobre as accións a emprender de xeito global para facerlle fronte ao grande problema que arrastra o sector lácteo: a caída constante dos prezos. Aínda que se vai optar, en principio,

polo diálogo, non se descartan outras accións máis contundentes se as coas palabras non se responde ás demandas labregas, como a primeira folga de entregas a escala europea.

Ao encontro de Amsterdam, ademais do Sindicato Labrego, asistiron a Coordinadora Labrega Europea (CPE), a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), Uniterre (Suíza), tres sindicatos agrarios xermanos, un holandés, un de Bélxica, un de Dinamarca e un de Suecia. Escusáronse os compañeiros da Confédération Paysanne, de Francia, que non puideron asistir por motivos de axenda.

O eixe central do encontro foi analizar a situación pola que están a atravesar as explotacións lácteas de Europa como consecuencia da caída de prezos. As organizacións presentes chegaron á conclusión de que a orixe desta depreciación constante está na Organización Común de Mercado (OCM) do leite da Axenda 2000, na que se



Lidia Senra, primeira pola esquerda, representou a Galiza na encontro europeo sobre o leite

establece a caída de prezos e unha prima compensatoria. Cómpre lembrar que o Sindicato Labrego Galego sempre criticou estas medidas, denunciando que a pri-

ma en ningún intre ía ser suficiente como para compensar as perdas producidas por mor da mingua de prezos nos produtos lácteos.

Nos casos concretos, desta-

couse o nivel de depreciación ao que se está chegando en Alemaña, onde se lles está a pagar o litro a 27 céntimos, un prezo que fai insostíbel a actividade

agraria e co que non poden vivir as explotacións.

Respecto das liñas de traballo marcadas para facerlle fronte a esta situación, acordouse tentar conseguir, mediante o debate e a negociación, prezos remuneradores que cubran os custes e o traballo de producir leite; neste senso, xa se solicitou unha entrevista coa Comisaria de Agricultura, Mariann Fischer Boel, para falar do tema.

En caso de que se esgotasen as vías do diálogo, as organizacións presentes amosáronse dispostas a emprender medidas máis contundentes, como seguir dando o debate para promover a convocatoria da primeira folga de entregas a escala europea, unha acción que naceu do Seminario do Leite que organizou o SLG en Compostela en novembro de 2004.

A violencia dos terratenentes contra labregos en Venezuela cóbrase unha nova vítima

O 30 de decembro de 2004, un novo labrego venezolano foi asasinado. Tratábase de Alejandro Márquez, un activista que estaba a organizar cooperativas derivadas da reforma agraria no estado de Barinas.

Márquez foi tiroteado na porta da súa casa, e a súa morte supón o 91 asasinato no agro venezolano dende que no ano 2000 se promulgase a Lei de Terras, que permite a expropiación de latifundios improdutivos.

En relación ao devandito, o presidente Hugo Chávez anunciou en diversas ocasións a súa intención de loitar contra o latifundio. A finais do ano 2004, os gobernadores que apoian a Chávez ordenaron a expropiación de terras impro-

ductivas en 16 propiedades localizadas no Estado de Cojedes. O gobernador de Yaracuy foi alén e decretou libre de transxénicos a súa provincia.

En cifras globais, o Goberno de Chávez entregou a labregos e labregas no ano 2003 máis dun millón de hectáreas de terras en cartas agrarias; a cifra aumentou no 2004, chegándose a un reparto de 1.800.000 hectáreas. Ademais, repartíronse miles de tractores.

A parte dos asasinatos, a Fronte Nacional Labrega Ezequiel Zamora denunciou outras prácticas contra os intereses labregos, como a sabotaxe a través do reparto de sementes danadas e transxénicas por parte de empresas no Plan de Sementeira.

Denuncian que as multinacionais alimentarias contribúen á fame

As grandes empresas mundiais produtoras de alimentos están contribuíndo ao medre da fame e da miseria no mundo, ao concentrar os beneficios do comercio internacional de alimentos. Está á a conclusión á que chegou un estudio presentado no Foro Social Mundial pola ONG Action Aid, que é unha das cen organizacións que integran a campaña "Chamada Global de Acción contra a Fame".

Segundo o estudio, que se titula "Fame de poder: seis motivos para regulamentar ás empresas globais de alimentos", seis transnacionais da alimentación controlan máis das tres cuartas partes do mercado global de pesticidas; só cin-

co acaparan o 90% do comercio mundial de grans.

No documento aparecen nomes propios: Monsanto, Parmalat, Nestlé, Unilever e Asda Wall Mart, son presentadas como empresas que promoven "abusos corporativos" contra o mercado internacional da alimentación.

Segundo a coordinadora do Programa de Seguridade Alimentaria de Action Aid, Flavia Londres, "estas empresas teñen tanto poder, que conseguen determinar os prezos agrícolas no mercado internacional, ter unha grande influencia sobre os organismos lexislativos dos países e, grazas a isto, influenciar na creación de leis que benefician ás empresas transna-

cionais en detrimento dos labregos e labregas".

No documento preséntanse seis motivos para que os "abusos" destas empresas sexan combatidos directamente polos gobernos, pola sociedade civil, e polas organizacións non gobernamentais.

O primeiro destes motivos é a redución dos prezos que se lles paga aos labregos e labregas unido ao aumento dos prezos que se lles cobra polos pesticidas e polas sementes. A conclusión deste punto é que, deste xeito, a riqueza que debería reverter nas comunidades labregas dos países en desenvolvemento, remata nos petos duns poucos empresarios dos países desenvolvidos.

A Lei contra a Violencia de Xénero deixa un sabor agridoce

A Secretaría da Muller do SLG confía en que se dote de recursos ao medio rural para cumprila

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego valora positivamente a eliminación do requisito de idade previsto no texto inicial para que as mulleres en situación de violencia de xénero poidan acceder ás axudas económicas, así como prorrogar 24 meses ditas axudas a mulleres que teñan persoas ó seu cargo ou se teñen elas mesmas algún tipo de discapacidade.

Outra das emendas que se incorporaron na tramitación da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e que máis apoios conseguiu foi o compromiso de que o Estado vai garantir o pagamento de alimentos recoñecidos e impagados a favor das fillas e fillos menores de idade. Neste sentido, algúns grupos parlamentarios están a esixir que se considere como violencia de xénero a falta de pagamento das pensións correspondentes ás mulleres que teñen confiadadas polo xuíz ou xuíza as custodias de fillos ou fillas.

Agardando recursos para as mulleres do rural

Unha das achegas realizadas no Senado foi o recoñecemento destes dereitos a todas as mulleres vítimas da violencia de xénero con independencia da súa orixe, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social.

Dende a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego, esperamos, con relación a este tema, que se realice unha aposta clara pola dotación de recursos no medio rural e se teñan en conta as especificidades do noso contorno, para que o recoñecemento inicial se converta en realidade.

Na nova redacción, os medios técnicos que a ciencia e a tecnoloxía presentan aparecen como un instrumento eficaz para localizar aos agresores que están en condena e teñen que cumprir coa orde de alonxamento.

Outras das peticións que se

recolleron no Senado foi o dereito da vítimas da violencia de xénero a recorrer á lei para cambiar os apelidos que herdaron dos agresores, así como a perda da pensión de viuvez por parte do maltratador, a referencia ao delicto de lesións, e a equiparación da unión e disolución matrimonial á unión de feito.

Dotación orzamentaria para executar a lei

A Lei é un instrumento imprescindible, sen embargo será insuficiente se non hai os medios axeitados para facer que se cumpra. Tal e como xa recolleron varios representantes parlamentarios, o Estado deberá demostrar a súa vontade poñendo todos os instrumentos necesarios, tanto no ámbito normativo como no organizativo e, sobre todo, no orzamentario.

A cantidade consignada nos últimos orzamentos aprobados para as diferentes necesidades recollidas na lei é realmente mínima e corremos o risco, conforme apuntou na súa intervención a parlamentaria García Suárez, de que "sexa a muller quen pague as consecuencias da falla de medios... reciba unha atención de urxencia ou emerxencia cando se encontre nun estado de extremo perigo, pero non se tratarán nin a prevención nin a atención dun xeito integral".

A carón de medidas tan positivas como que non sexa necesario acreditar no momento inicial a insuficiencia de recursos para a asignación dun avogado ou avogada de oficio, aparecen outras realmente insuficientes. Por exemplo, as axudas recoñecidas son dun exíguo 65% do salario mínimo interprofesional, os xulgados que atenden os casos de violencia non poden coñecer os asuntos civís derivados da ruptura dunha parella de feito, ou non aparecen recollidos en ningún lado nin o número de servizos nin o calendario para a posta en funcionamento.

Viaxe para mulleres labregas a Andalucía do 10 ao 16 de abril

A Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego está a ultimar os últimos detalles dunha viaxe a Andalucía, que ten como obxectivo coñecer a situación da muller nunha realidade agraria moi distinta á galega, de xeito que contrastemos as diferencias e os puntos en común que temos, así como as actuacións máis pertinentes para conseguir melloras na nosa vida diaria.

Nesta ocasión visitaremos proxectos e iniciativas levadas adiante por mulleres co fin de coñecer o seu funcionamento, e as posibilidades de trasladar esas experiencias á realidade das mulleres labregas galegas.

Esta será, sen dúbida, unha boa oportunidade para intercambiar costumes e saberes coas mulleres andaluzas, e para compartir e aprender todas xuntas das nosas vivencias do día a día. Por este motivo, queremos convidarvos a todas as afiliadas do Sindicato Labrego Galego a participar nesta experiencia tan interesante, para o que debedes poñervos en contacto cos locais comarcais aos que pertencedes o máis axiña posíbel.

PROGRAMA DA VIAXE (MÁLAGA, GRANADA, ALMERÍA)

- **DOMINGO 10 ABRIL:** viaxe de Santiago a Cortes de la Frontera (Málaga)
- **LUNS 11 ABRIL:** visita a S.C.A. Al Jaque

de Montequaque, cooperativa de mulleres que fan unha primeira transformación de produtos da terra; a S.C.A. Artecrea, cooperativa de comercialización de flor seca; ao Ecomuseo de Ronda e a empresa familiar "La molienda verde".


► **MARTES 12 ABRIL:** entrevista con representantes do Ceder Serranía de Ronda (proxectos: aula itinerante de xénero e outros proxectos de desenvolvemento rural), coa "Asociación de calidade agroalimentaria Serranía de Ronda". Partida cara a Granada.

► **MÉRCORES 13 ABRIL:** encontro coa "Red de mujeres del Zaidín", formada por mulleres deste barrio de Granada cun amplo traballo en grupos veciñais, culturais, institucións... Visita cultural por Granada e visita a algunha explotación xestionada por labregas de Granada.

► **XOVES 14 DE ABRIL:** partida cara a Almería. Visita á explotación de Carmen Ramón, labrega que compatibiliza a vida familiar, o traballo na explotación e os cargos de responsabilidade na Secretaría da Muller da COAG, e a outras experiencias que nos terán preparado as mulleres COAG de Andalucía.

► **VENRES 15 DE ABRIL:** visita en Almería de proxectos xestionados por mulleres da zona, e coñecemento da zona.

► **SÁBADO 16 DE ABRIL:** viaxe de Almería a Santiago de Compostela.



Cada curso celebrábase en varios lugares de Galiza. Se desexas máis información, pregunta na túa oficina do SLG máis achegada.




HORAS	DENOMINACIÓN
30	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE AGRARIA
30	AGRICULTURA ECOLÓXICA. BÁSICO
30	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS. USO AGRÍCOLA
25	APLICACIÓN RACIONAL DOS MEDIOS DE PRODUCCIÓN
40	ARTESANÍA ALIMENTARIA
50	ARTESANÍA EN CERÁMICA E MADEIRA
30	CATA E ELABORACIÓN DE VIÑOS
25	CURSO BÁSICO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO
30	ELABORACIÓN ARTESANAL DE PRODUTOS ALIMENTARIOS
20	FRUTICULTURA
20	HIXIENE, SANIDADE E CALIDADE NA PRODUCCIÓN DE VACÚN
30	INFORMÁTICA USUARIO: INTRODUCCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS INFORMÁTICAS
60	INFORMÁTICA APLICADA A EMPRESA AGRARIA
30	NOVAS TECNOLOXÍAS NO CULTIVO DA VIDE
25	ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS
40	PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS
20	PODA DE ÁRBORES
40	RESTAURACIÓN DE MOBLES E FERRAMENTAS DO CAMPO
25	TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN
35	XARDINERÍA I: ARTE FLORAL



4 Ovos (1)

Neste Fouce retomamos a análise da produción ecolóxica por sectores que viñemos publicando durante o ano 2004. Nesta ocasión, esmiuzaremos as particularidades da produción ecolóxica de ovos. Existen moitas formas de plantexarse a produción de ovos en ecolóxico. Neste artigo imos falar da denominada "profesional", (envasadora legalizada) e cunha produción certificada con selo do Craega, que cumpre todas as normas do mercado actualmente vixente (envasadora legalizada) e cunha produción optimizada ao máximo.

Existen tamén outras opción de produción de ovos de xeito natural, sen estar inscritos no Craega e que non terían que cumprir as condicións que esixe o mesmo. Tamén, si se venden directamente os ovos, non fai falta acudir á envasadora. Estas son opcións que terían outro rendimento en función do tipo de venda, da alimentación que lles deamos as pitas (si producimos nós, ou temos que mercar, etcétera), das razas coas que traballemos, de moitas variábeis que habería que ir vendo. Deste tipo de produción, da que se poden obter ingresos económicos "complementarios" a outras producións ou actividades económicas, falaremos noutro artigo.

Hoxe imos falar da avicultura ecolóxica que antes denominamos "profesional", para un mercado que está dominado polo sector da distribución, que é o que impón normas e, sobre todo, prezos bastante baixos, aínda que máis elevados que na gandería convencional. Isto obríganos a optar por unha produción optimizada ao máximo e cunha cantidade importante para que sexa rendíbel.

Neste senso, poderíamos pensar en metemos neste sector con 3.000 galiñas, o que nos vai levar, en primeiro lugar, a un investimento forte, sobre todo na nave que vaíamos empregar como galiñeiro. Se poñemos seis galiñas por metro cadrado, necesitaremos unha nave de 500 metros. Se pensamos en máis galiñas, o mellor será facer parques separados.

O galiñeiro

O galiñeiro, ademais de ser un investimento forte, ten moita

importancia para o manexo e para a produción optimizada de ovos, xa que cunha nave deficiente non imos pasar do 60% de posta de ovos, o que sería ruinoso. Cómpre construír pensando que ten que ser quente no inverno e fresco no verán, que ten que haber dentro un ambiente seco e, ao mesmo tempo, permeable para que non teña humidades.

Hoxe hai paneis prefabricados; deben levar cámara de aire para illar. Cómpre comprobar ben as características e valorar se nos compensan e se cumpren os requisitos da bioconstrución. O mellor é usar termoarxila: cun bo revoco por fóra feito con morteiro de cal non necesitaremos cámara. O chan ten que ser máis elevado có exterior, ou estar moi illado para que nunca se inunde. Tanto o chan como as paredes teñen que poder lavarse a presión.

Se investimos nun tellado que ille, pero que transpire, non necesitaremos moita altura, así gardará mellor a calor no inverno. Pero hai que ter tino, pois se facemos un tellado baixo, con uralita e tella, este non vai transpirar e vai ser impermeable, co que vai condensar e será un foco de problemas sanitarios, ademais de baixar a produción de ovos. Ás galiñas faílles falta máis aire que a outros animais, e transpiran bastante auga (cincuenta galiñas evaporan cinco litros nun día), polo que temos que ter moi en conta o aire viciado e a humidade.

Se para a construción escollemos madeira, temos que illala, facer dobre parede e, no medio, introducir algún material de bioconstrución (cortiza de sobreira, barro con palla, labras e morteiro de cal, etcétera).

Tamén hai que valorar as ventás

que lle imos poñer a nave, tendo en conta que hai que ventilar e que a ventilación ten que poderse regular para adaptala ás condicións climáticas e ao número de galiñas. Como mínimo, temos que ter unha décima parte da superficie do chan en ventás orientadas cara ao sur ou ao nacente. Onde estean as ventás, estará a saída ao exterior das galiñas para evitar correntes de aire se temos aberto. Cómpre ter tino tamén en non provocar dentro da nave zonas escuras, xa que entón as galiñas irán poñer alí e non nos niños.

Podemos mirar prezos e escoller o que máis nos conveña; pero se aplicamos técnicas de bioconstrución, vainos saír bastante cara a nave, aínda que a medio prazo vainos compensar. E aínda que o Craega non nos vai esixir materiais ecolóxicos para a construción, temos que ser algo coherentes.

No interior da nave, instalaranse os poleiros. Estes deben estar pechados polas bandas para que as galiñas non poidan ir á foxa onde can os excrementos, pero ten que pasar o aire. O mellor é poñer nunha banda dos poleiros os comedeiros e bebedeiros; deste xeito, mentres comen e beben, estará caendo os excrementos na foxa. Os comedeiros deben ser o suficientemente grandes para que conteñan a alimentación dun día. Na outra banda dos poleiros deben estar os niños para que vaian poñer. Ten que haber un

niño por cada cinco galiñas.

O resto da nave será patio de exercicio. O mellor será que teña unha capa de trinta centímetros de material para escarvar (serraduras, labras, follas secas, palla, etcétera). Na nave ten que haber luz, pero a lexislación esixe oito horas a escuras; o resto do tempo ou hai luz natural, ou temos que ter luz artificial.

As galiñas teñen que poder saír fóra, pero só se non chove se queremos optimizar a produción. Fóra, o mellor é que teñan sitios de sol e tamén sombra (mellor árbores). Tamén debemos ter coidado co vento. Neste senso, o mellor é poñer un cortaventos (unha sebe, por exemplo). No exterior, ás galiñas vailles moi ben unha capa de area de 30 centímetros; se a poñemos, teremos que cubrila para que non lle chova, sendo tamén conveniente que estea abrigada do vento.



Dúas das feiras ecolóxicas máis importantes

VII FIRANATURA

Unha das maiores feiras ambientais, onde atoparás produtores e elaboradores de agricultura ecolóxica, alimentación, etc. Do 22 ao 24 de Abril en Lleida.

www.firanatura.ipcena.org

XII BIOCULTURA

Defínese como a feira máis importante do sector ecolóxico no Estado Español.

Do 6 ao 9 de Maio en Barcelona

www.biocultura.org

Axudas á mellora de explotacións e para a instalación de mozos e mozas

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias e se convocan para o ano 2005.

A presente sección ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galiza, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 7 de xuño de 2002, na sección primeira da Orde do 19 de decembro de 2002, e na sección primeira da Orde do 23 de decembro de 2003.

As axudas a investimentos mediante plans de mellora aplicaranse aos fins indicados no artigo 5 do Real decreto 613/2001, coas excepcións contidas no punto 2º do mesmo artigo.

O investimento en adquisición de maquinaria

previsto no plan de mellora, incluído o tractor de ser o caso, poderá chegar ata o 35% do volume máximo de investimento, segundo o tipo de petionario e o número de UTA e/ou socios agricultores profesionais.

No caso de investimentos en equipamentos de muxidura, deberán axustarse, no relativo á instalación e funcionamento, ao establecido na norma UNE 68050/98.

No caso de investimentos en equipamentos de refrixeración de leite, deberán cumprir os requisitos da norma UNE-EN 13732/03.

Aínda que rematou o primeiro prazo, **sigue aberta a convocatoria para os casos de primeiras instalacións de mozos motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria; ou por falecemento, xubilación ou invalidez do titular da explotación, ata o 30 de novembro.**

A Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, reunida en Santiago o 2 de marzo de 2005, aprobou as seguintes cotas de afiliación:

INGRESOS BRUTOS ANUAIS	COTA por trimestre
(1) Ate 20.000 euros	14 euros
20.001 a 50.000	18 euros
50.001 a 100.000	24 euros
100.001 a 150.000	30 euros
Máis de 151.000	35 euros

Os / as colaboradores / as terán unha cota de 12 euros por trimestre

(1) Nesta cota incluíranse tamén os / as xubilados / as da actividade agraria.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para 2005.

Poderán ser beneficiarios os titulares dos animais que se sacrifiquen por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes, serán indemnizados conforme o establecido nos artigos seguintes; os titulares dos animais e os seus produtos de calquera especie sacrificados e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles, tamén serán indemnizados de acordo co establecido nos artigos desta orde.

O **prazo de presentación** de solicitudes, coas que se relacionarán os crotais dos animais dos que se solicita a indemnización, será desde o día seguinte da data de publicación da presente orde ata o **21 de novembro de 2005**, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

Fomento do asociacionismo agrario e do redimensionamento empresarial

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galiza.

Serán beneficiari@s:

a) As cooperativas de carácter agropecuario, que se constitúan en comarcas ou sectores onde o asociacionismo sexa inexistente ou estea escasamente desenvolvido, coa finalidade de realizar a transformación e comercialización das producións dos socios dunha forma conxunta.

b) As cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT de explotación en común, que se constitúan para mellorar as condicións de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros e para adaptar a produción ás necesidades do mercado e afrontar a súa comercialización conxuntamente.

c) As cooperativas e SAT resultantes de procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa no sector agrario que, como consecuencia dos devanditos procesos, incrementen significativamente a súa dimensión empresarial ou aforren custos, coa finalidade de estaren en disposición de adaptaren a súa produción ás necesidades do mercado e de afrontaren a transformación e/ou comercialización dos produtos agroalimentarios dunha forma conxunta e con maior viabilidade.

d) As cooperativas e SAT que realicen ampliacións do seu capital social e fondos fixos, admitindo agricultores e gandeiros como novos socios.

As actividades subvencionabeis serán estudos de viabilidade previos, memorias técnicas, estudos socioeconómicos, auditorías e balances de fusión, programas de investimentos e actividades e outros informes que sexa necesario realizar para avala a constitución de novas entidades asociativas e os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa que se pretenden levar a cabo, así como os gastos de asesoramento e elaboración de estatutos, tramitación, notario e demais gastos administrativos iniciais.

A contía poderá chegar ata o 80% destes gastos, cun límite máximo de 24.000 euros. Ningún beneficiario poderá recibir axudas por máis de 100.000 euros nun mesmo período de 3 anos.

Tamén se financiarán investimentos que realicen as entidades asociativas para favorecer a transformación e/ou comercialización das súas producións, e para a ampliación e diversificación produtiva e a conservación do ambiente.

O prazo para rematar os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa, así como a constitución de novas cooperativas e SAT, termina coa finalización do exercicio en curso.

Axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria

Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galiza.

O prazo para a presentación das solicitudes de axuda por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, finalizará o día 11 de marzo de 2005.

Ademais do anterior:

a) As solicitudes de prima especial de vacún poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2005.

b) As solicitudes de primas ao sacrificio presentaranse dentro dos catro meses seguintes á data de sacrificio de cada animal e, en todo caso, nos seguintes períodos:

a) Do 1 ao 31 de marzo de 2005.

b) Do 1 ao 30 de xuño de 2005.

c) Do 1 ao 30 de setembro de 2005.

d) Do 1 de decembro de 2005 ao 15 de xaneiro de 2006.

Axudas para paliar os danos económicos producidos polo lobo

Poderanse acoller a estas axudas @s propietarios@s de reses das especies bovina, ovina e caprina, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando haberá de estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

Os danos deberán ser comunicados antes de que transcorran 24 horas desde o ataque.

Poderanse presentar **solicitudes** de axuda ata o **25 de outubro de 2005**.

Axudas á compra de gando para restituir animais mortos en sacrificio obrigatorio

Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se regulan e convocan axudas para a compra de gando bovino que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

Os animais da especie bovina obxecto da subvención deberán proceder de explotacións con cualificación sanitaria e libre de EEB.

O prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas comezou ao día seguinte da data de publicación da presente orde no Diario Oficial de Galiza e estará vixente ata o **21 de novembro do ano 2005**, incluída esta última data no cómputo do prazo.

Axudas para implantar a recollida de subprodutos animais nas explotacións

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cunícola; e ás explotacións de ovino e cabrún que cumpran coa normativa de saneamento gandeiro.

A contía das axudas poderá chegar ata o 40% do prezo do contedor ou conxelador, e ao 50% se a explotación está en zona desfavorecida.

O prazo para solicitar e xustificar estas subvencións chegará, como máximo, ata o **30 de xuño de 2005**.

Axudas para investir en transformar e comercializar produtos agrarios

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2005 as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2000-2006.

Hai que cumprir os requisitos establecidos na Orde do 4 de xuño de 2001, modificada pola Orde do 20 de novembro de 2001, Orde do 12 de febreiro de 2003 e Orde do 29 de abril de 2004.

Estas axudas, teñen por finalidade contribuír aos investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións.

O prazo para realizar a solicitude rematará o vindeiro **1 de abril de 2005**.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese

tanque FONTSERE de 640 litros en Xermade.
Chamar ao 982 177 878

Véndese

empacadora con encarte de 1'80 metros.
Chamar ao 986 755 262

Véndese

segadora rotativa DEUTHZ FAHR de 1'97 metros de ancho de traballo. Seminova.
Chamar ao 981 788 210.
Sábados e domingos

Véndese

herba seca en paca grande, en Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 982 393 241

Véndese

40 rulos de herba seca en O Corgo (Lugo).
Chamar ao 982 176 748

Véndese

Rolos de silo de herba da campaña pasada.
Preguntar por Martín nos tfños. 982 144 102 e no 626 309 186

Véndese

desensiladora KUN e Renault Laguna.
Chamar ao 659 659 418

Véndese

unha vaca de raza frisona (pai e nai con carta xenealóxica), próxima ao parto.
Chamar ao 981 793 506

Véndese

vacas frisonas.
Chamar ao 982 164 477

Véndese

circuíto de muxido, marca ALFA LAVAL, con lavado automático. De tres puntos, e con opción a catro.
Preguntar por Martín nos teléfonos 982 144 102 e 626 309 186

Véndese

cisterna de 7.000 litros con dobre eixe, 4 anos de uso, matriculada.
Tfños. 982 160863 / 696 004515

Véndese

pacas de palla grandes de 80x90x2'30.
Chamar ao 988 454 936

Véndese

invernadoiro multitúnel de 1.500 metros cadrados, con catro anos de uso. Fabricado por Invernadoiros TRIGO.
Preguntar por Basilio no teléfono 655 969 680

Véndese

motor para bombear auga. Diesel de 6 cv.
Motocultor con segadora.
Chamar ao 660 734 075

Véndese

mesturador de 10 metros cúbicos do ano 1999.
Chamar ao 666 815 217

Véndese

cisterna de 3.000 litros marca CARRUXO. En bo estado e matriculada.
Chamar ao 982 160 057

Véndese

explotación de 80 ovellas.
Chamar aos teléfonos 988 304 587 ou 669 384 533

Véndese

carro mesturador de 9 metros con fresa. Seminovo.
Chamar ao 676 414 984

Véndese

Rodas de cisterna de 1.500 litros, novas. PIRELLI 1M81 10.0-80-12 (850-12) 6.P.R.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

Véndese

tractor SAME 96 CV.
Preguntar por Manolo no teléfono 616 495 975

Véndese

ensiladora CLAAS 695 Mega. Cabezal KEMPER, dobre tracción.
Chamar ao 619 301 049

Véndese

autocargador MAGAL, de 22 metros, 5 coitelas e descargue hidráulico.
Dúas rodas de tractor 16-9-R30 MICHELIN radial. Medio uso.
Chamar ao 982 160 266

Véndese

furgoneta CITROËN C15 mixta, con espazo para pasaxeiros e carga. Matrícula C-9077-BG.
Chamar ao 981 196 783

Véndese

tractor JOHN DEERE 3650.
Chamar ao 647 402 748.

Véndese

picadora de millo e herba JOHN DEERE 5820, con cabezal para herba e millo de catro regos.
Chamar ao 647 564 946

Véndese

encintadora MASCAR.
Chamar ao 699 039 979 ou ó 982 508 137

Véndese

tractores agrícolas de importación con garantía.
Chamar ao 606 616 139 (Deza)

Véndese

circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos con retiradores. Catro anos.
Tanque ALFA LAVAL de 630 litros.
Chamar ao 637 545 179

Véndese

rolos de herba seca e silo en Lagoa (A Pastoriza).
Chamar ao 982 164 443

Véndese

picador MENGELE de 32 metros cúbicos. Seminovo, con dúas campañas.
Herba seca.
Chamar ao 982 528 123 ou ó 676 128 939

Véndese

rolos de herba seca e silo en Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 177 004

Véndese

coche MERCEDES 190 2.5, con cambio automático, extras completos. 11 anos.
Preguntar por Daniel Otero Costa no 636 680 519

Véndese

vacas de raza frisona por abandono. A bo prezo.
Preguntar por María Luz Leiras no 981 195 323.

Véndese

tractor 515 con remolque
Dúas xovencas de raza cruzada
Preguntar por Xurxo no teléfono 659 659 418

COMPRAS

Mércase

rotativa de 2'40 ou 2'60 de corte.
Chamar ao 600 382 949

Mércase

alambique para facer augardente.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

Mércase

touro de carne.
Chamar a Pilar ao 981 195 485

Mércase

segadora pequena, con peite entre 0'90 e 1'20 metros.
Chamar ao 988 208 099

Mércase

remolque homologado para coche.
Chamar ao 982 441 370, a partir das 20:30 horas

OUTROS

Precísase

persoa para traballar en invernadoiros de flor na zona de Oleiros.
Preguntar por Fran no teléfono 696 967 369

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas (Ourense).
Chamar ao 686 304 617

Búscase

traballador/a para explotación de ovino en Maceda (Ourense).
Chamar ao 988 438 605

Necesítase

empregad@ para explotación de leite na zona de Guitiriz, (Lugo).
Requisitos:
-Carné de conducir B1
-Manexo de maquinaria agrícola
-Coñecemento do traballo dunha explotación agrícola
As persoas interesadas poden chamar ao teléfono 982 153 367

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Mariano Pazos Currais, produtor de leite e membro da Executiva do SLG

Aínda que de mozo emigrou a Suíza, a chamada da terra fixo que Mariano Pazos retornase ao seu Gosende natal (A Baña) a finais dos setenta. Dende aquela milita no SLG, organización na que xa tivo responsabilidades a nivel comarcal e no sector lácteo, e na que agora forma parte da súa Executiva. Tamén é vocal da Cámara Agraria da Coruña. Cunha explotación con setenta cabezas de gando e unha vintena de hectáreas, falamos con el dos principais problemas, retos e esperanzas que ten diante súa o sector lácteo galego.

“A cota láctea debería ser gratuíta, para quen a traballe e para quen a necesite”

■ Como tal pinta o panorama do sector lácteo galego?

O sector do leite neste intre está nunha situación moi complicada, xa que non ves avances significativos nin que a situación vaia mellorar moito. Houbo un troco de Goberno e estamos agardando pero, polo que se sabe, non semella que vaia haber moita diferenza con gobernos anteriores. Neste intre, coa reforma da Política Agraria Común (PAC) están cometendo unha aberración, pois non ten sentido que as cotas lácteas da xente que abandona se poidan vender e, ao mesmo tempo, seus antigos donos sigan cobrando as axudas.

■ Cre que o Goberno ten intencións de rematar con ese tráfico de dereitos?

Estase filtrando que, de todos os abandonos a partir do principio de campaña, o 50% dos dereitos vanse ir á reserva nacional. Non é unha mala medida, pero é algo que se debería ter posto en práctica antes, e non só co 50%, senón co 100%.

A cota debe ser para quen a traballe e para quen a necesite. Aínda que a postura do SLG é que a cota sexa gratuíta para todo o mundo, no peor dos casos vemos necesario que o acceso á cota non quede en mans de traficantes e intermediarios, que foron quen fixeron encarecer moito os dereitos.

Evidentemente, cumpriría repartir esa cota con determinados criterios, primando ás explotacións que teñan menor cantidade por seren as máis necesitadas e as que teñen menor poder adquisitivo.

■ É certo que a industria planea impoñer unha nova baixada nos prezos?

Non son só rumores: xa nolo baixaron. A nós rebaixáronnos unha peseta en xaneiro, e dúas en febreiro. Por riba, tiven noticia de que tamén andan a recargar o leite fóra de cota, que de tres pesetas menos pasou a cinco. E iso non é nada, pois



Mariano Pazos leva máis de media vida traballando no sector lácteo e militando no SLG

parece ser que hai empresas que recargan ata 12 pesetas e outras que non queren saber nada de negrear.

■ Como pensa que repercutirá esta nova baixada nos prezos?

A situación agrávase porque os pensos e os abonos subiron unha barbaridade o ano pasado, e no

2005 non baixaron proporcionalmente. Por riba, tamén aumentou o prezo dos combustíbeis, algo que repercute non só nos usuarios, senón que, ademais, encareceu o transporte e fabricación de abonos e pensos. É moi difícil que deamos soportado semellante carga. Se, por riba, temos que facerlle fronte

aos rumores que hai de que debe desaparecer o fóra de cota -hoxe a única vía de escape para a economía de moitos produtores e produtoras-, o resultado é que moitas explotacións xa están pensando na posibilidade de non seguir, agardando polos plans de abandono para pechar.

A interprofesional do leite e un banco de terras como demandas básicas

■ Que deberían facer a Administración, tanto a Xunta coma Madrid?

Para min hai dúas demandas que son básicas. Primeiro, crear unha interprofesional do leite onde estean administración, produtores e produtoras, e industria; de aí deberían xurdir mesas de negociación que garantan un prezo digno para o leite en base aos custes de produción, un prezo por baixo do cal non haxa leite no mercado.

En segundo lugar, a creación dun banco de terras que nos permita aumentar a nosa base territorial para non depender do exterior. Aquí podemos producir case todo, pero fáltanos a base territorial. Sen base territorial, por moito que nos digan que mellorremos a explotación e abaratemos custes, resulta imposible. Se temos que importar produtos dende o estranxeiro ou doutras comunidades, estaremos en inferioridade de condicións para competir lugares como Lleida ou Valladolid, onde producen a alfalfa que consumen, por exemplo.

■ Por que pensa que a Xunta non aplica estas solucións?

A postura da Administración nunca foi comprendida polos sectores gandeiros. As nosas reivindicacións non lle suporían á Administración moito esforzo. Só tería que garantir que se cumprisen unha serie de acordos. Que pasa? Que a Administración está presionada, tanto polas industrias como polas grandes superficies, que pesan moito máis, a nivel comercial, que os sectores agrarios e gandeiros. Así as cousas, os prezos que cobramos non nolos está marcando a Administración; márcanos as industrias co seu afán de competir, por unha banda; e as grandes superficies, que incluso se aproveitan dos nosos produtos como reclamo para facer ofertas coas que poder vender outros bens de consumo. Se a Administración se reunise coas industrias e as grandes superficies e lles dixese o que hai, e de onde non se pode pasar, a situación trocaría para nós.

“Tal e como se concibe hoxe a agricultura, as cámaras agrarias non teñen sentido”

■ Vostede forma parte da Cámara Agraria da Coruña ¿Teñen algunha utilidade as Cámaras Agrarias?

Sinceramente, cada vez que vou á Cámara Agraria sinto que perdo o tempo. Pódese dicir que vas alí a perder o tempo e, por riba, páganche. Isto non ten sentido ningún. As cámaras agrarias foron uns entes que se crearon na dictadura de Franco para repartir territorios entre os caciques de entón e para mantelos un pouco á marxe da vida política. Hoxe, tal e como se concibe a agricultura, as cámaras xa non teñen ningún sentido.

■ ¿Que opina de que o Goberno veña de derogar a Lei de Cámaras?

Isto debería ter sucedido hai moitos anos. De feito, xa aconteceu noutras partes do Estado, e noutras as cámaras, alomenos, si están dotadas de capacidade para negociar coma se fosen interprofesionais, cousa que non pasa coas cámaras galegas. Benvinda sexa, entón, esta lei, aínda que a recibamos con tantos anos de atraso.

■ ¿Que tipo de organismo pensa que debería substituír ás Cámaras? ¿Que características debería ter?

Aí si que non temos ningunha dúbida no Sindicato Labrego. Esa institución debería ser o Consello Agrario Galego. Sería un ente no que a Administración, as empresas, os representantes sindicais, e os labregos e labregas, sentasen todos na mesma mesa para falar nun organismo que sexa realmente operativo, un organismo no que se escoite a voz de cada sector. O Consello Agrario Galego debería estar funcionando dende hai moitos anos.